




REGO DA PATELA

Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia:

-do Parque Marans ás fervezas (ida e volta) 3 km.

-a Castrolandín: 1,2 km (lineal)

Dificultade: baixa

Duración: 2 horas



Castrolandín

Unha ruta para gozar da natureza nun percorrido a pé por varias fervezas do rego da Patela ou do Pazo, unha das cabeceiras do río Gallo (afluente do Umia), en terreos do concello de Cuntis. Pódese completar coa visita ao Parque Marans onde se atopa o monumento ao Sagrado Corazón de Francisco Asorey e a Castrolandín onde podemos ver a estrutura dun castro con vivendas escavadas desde o que hai ademais unha boas vistas da zona.

COMO CHEGAR:

Desde Cuntis cóllese a estrada que vai a Xinzo e Pazo. Despois de pasar a ponte sobre o río un cruce á esquerda lévanos ao parque Marans onde está o Monumento ao Sagrado Corazón de Francisco Asorey. Alí poderíamos deixar o coche e seguir a ruta a pé ata as fervezas. No caso de que a pasarela de madeira esté arraxada pódese cruzar o río e chegar ata Castrolandín tamén a pé. A outra opción é volver ao punto de partida e subir a Castrolandín pola estrada.



As Campaiñas

